

RESIDENCIA DE CREACIÓN LITERARIA ILLA DE SAN SIMÓN



2026

QUENDAS:

15 XUÑO – 28 XUÑO

28 SETEMBRO – 11 OUTUBRO

13 OUTUBRO – 25 OUTUBRO

INSCRICIÓNS:

2 de marzo – 31 de marzo

Residencia de creación literaria Illa de San Simón 2026



A residencia de creación literaria da Illa de San Simón ten como finalidade o estímulo e a promoción da creación literaria en galego a través do reforzo e do apoio aos procesos creativos. A Xunta de Galicia pon en marcha a residencia de creación literaria da Illa de San Simón como polo promocional da creación literaria en lingua galega.

A través desta iniciativa ponse ao dispor dos profesionais da creación literaria un espazo, un ambiente e unhas condicións óptimas para a enteira dedicación aos seus proxectos creativos.

A Residencia convida aos creadores e creadoras a aprender dos traballos dos compañeiros e compañeiras e tamén a compartir tempo e espazo con persoas diferentes que teñen unha paixón común: a literatura.

Na súa cuarta edición a Residencia acollerá aos creadores e creadoras durante un período mínimo dunha semana e máximo dunha quincena nos meses de maio, setembro e outubro. As persoas residentes contarán con espazos de traballo, aloxamento e manutención na Illa de San Simón a cargo da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A residencia de creación literaria da Illa de San Simón é un espazo para a creación e o talento; é un espazo para aprender e compartir. Queres participar?

QUENDAS:

15 XUÑO – 28 XUÑO

28 SETEMBRO – 11 OUTUBRO

13 OUTUBRO – 25 OUTUBRO

INSCRICIÓNS:

2 DE MARZO – 31 DE MARZO

BASES PARA PARTICIPAR NA RESIDENCIA

1. Poden participar todas aquelas persoas que interveñan no proceso de creación literaria, nos correspondentes labores de escritura, tradución, deseño gráfico e ilustración, segundo establece o artigo 5.1 da Lei 17/2006, do 27 de decembro do libro e da lectura de Galicia.

2. O programa da residencia está dirixido a persoas maiores de 18 anos que desenvolvan un proxecto creativo en lingua galega, en calquera xénero: narrativa, ensaio, poesía, teatro, banda deseñada...

3. A residencia constará dun máximo de 24 prazas. Seleccionaranse tamén persoas suplentes, en orde de prelación, para o caso de que algunha das 24 persoas aspirantes declínase, en calquera momento, a súa participación. Quedarán excluídas as persoas que participaron na residencia nas súas edicións de 2023, 2024 e 2025.

4. O período de estadía de cada persoa creadora será como mínimo dunha semana e máximo dunha quincena. Cada participante poderá presentar unha única solicitude e non poderá optar a máis de unha estadía por solicitude.

5. A residencia celebrarase nas seguintes datas:

-Do 15 de xuño ao 28 de xuño.

-Do 28 de setembro ao 11 de outubro.

-Do 13 de outubro ao 25 de outubro.

6. As persoas participantes no proxecto da residencia de creación literaria da Illa de San Simón terán ao seu dispor os bens e servizos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo. O aloxamento será en cuarto individual con espazo de traballo propio, en réxime de pensión completa na Residencia *Stella Maris* da Illa de San Simón.

7. As persoas participantes deberán indicar na solicitude o período temporal que lle conveña para participar.

8. Por parte da Dirección Xeral de Cultura levaranse a cabo todas as labores de acompañamento e seguimento necesarias para facilitar a acollida e viabilidade do proxecto.

9. A residencia de creación literaria está concibida para o desenvolvemento e mellora de proxectos de creación literaria. Como tal, as persoas residentes comprométese a presentar un proxecto de creación para que a súa solicitude sexa tida en conta.

O proxecto non excederá das 10 páxinas e deberá incluír:

- Título e texto explicativo do proxecto de creación literaria que desenvolverá na residencia, xénero de creación, idioma da obra, etc.

- Currículo resumido da persoa solicitante.

- Expediente artístico. Os/as creadores/as poderán achegar información sobre outros traballos.

- Carta de motivación.

- Obxectivo que agarda acadar.

10. As persoas beneficiarias da residencia deberán garantir as seguintes características nas obras resultantes da estadía en réxime de residencia:

a) Idioma. As obras resultantes das estadias deberán estar correctamente realizados en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e nas Normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega.

b) Propiedade Intelectual. As persoas participantes responderán da orixinalidade e autoría dos proxectos obxecto desta convocatoria, debendo garantir que ostentan lexitimamente todos os dereitos de propiedade intelectual sobre os mesmos.

Tamén que garanten o uso pacífico por parte das entidades organizadoras eximíndoas de calquera responsabilidade por danos e prexuízos que directa ou indirectamente, o incumprimento pola súa parte desta garantía puidera ocasionar.

c) Difusión da actividade desenvolvida durante os períodos de residencia. As persoas beneficiarias comprométese a mencionar que parte do desenvolvemento da obra, tivo lugar durante o período de residencia na Illa de San Simón en todas as accións de difusión ou edición da mesma que teñan lugar con posterioridade ao seu desfrute.

Residencia de creación literaria Illa de San Simón 2026

11. A documentación solicitada no punto 9 destas bases deberá ser enviada a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante un modelo de solicitude xenérica PR004A que se atopa na seguinte ligazón:

<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitude-xenerica>

No apartado "destinatario" desta solicitude deberase seleccionar a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e dentro desta, a Dirección Xeral de Cultura

12. O prazo para a presentación das solicitudes será do 2 de marzo ao 31 de marzo.

13. O envío deberá constar do boletín de inscrición debidamente cumprimentado cos datos persoais e de contacto.

14. Todas as solicitudes se valorarán de forma individual e imparcial por parte dunha comisión de avaliación formada polas seguintes persoas: a persoa titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro; a persoa titular do Servizo do Libro e Publicacións e dúas persoas do ámbito da creación literaria galega de recoñecido prestixio e un membro do cadro de persoal da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.

15. A comisión elaborará a acta correspondente coas puntuacións resultantes de aplicar os seguintes criterios:

- Perfil da persoa creadora candidata. Valorarase o currículo creativo da persoa solicitante. Adxudicaráselle un máximo de 10 puntos.

- Proxecto a desenvolver durante a residencia. Valorarase o proxecto presentado para o seu desenvolvemento durante a súa estadía. Adxudicaráselle un máximo de 10 puntos.

- Carta de motivación. Adxudicaráselle un máximo de 5 puntos.

- Obxectivos que espera acadar no seu desenvolvemento profesional e creativo. Adxudicaráselle un máximo de 5 puntos.

- Compromiso de edición da obra resultante do proxecto presentado por parte dunha editora legalmente constituída. Adxudicaráselle 5 puntos.

As persoas solicitantes deben confirmar de forma expresa este compromiso a través do acordo coa editora.

Non se valorará ningún mérito ou característica que non conste explicitamente na solicitude; tampouco se terán en conta os méritos alegados e non acreditados documentalmente.

16. Á vista das solicitudes e da acta da comisión de valoración elaborárase a listaxe de persoas adxudicatarias e suplentes para cubrir as prazas da residencia para cada semana ou cada quincena obxecto de adxudicación. Establecerase unha orde de prelación derivada das valoracións feitas e da puntuación adxudicada pola comisión de valoración.

17. As persoas participantes seleccionadas serán informadas a través do correo electrónico que faciliten na solicitude antes do 15 de maio de 2026. Deberán confirmar a súa participación antes do transcurso de 7 días naturais despois desta notificación, do contrario procederáse a informar ás suplentes na orde de prelación considerada no proceso de valoración.

18. Unha vez confirmada a relación de participantes, a Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro porase en contacto con eles vía correo electrónico ou telefónica para a comunicación de consideracións previas e outras indicacións necesarias.

19. A Dirección Xeral de Cultura asegurase a presenza mínima de catro persoas participantes por quenda, podendo propoñer datas alternativas aos seleccionados para acadar este mínimo.

20. As persoas beneficiarias das estadias na residencia de creación literaria Illa de San Simón deberán cumprir coas seguintes obrigas:

- a. Comezar a residencia na data acordada coa organización.

- b. Cumprir as normas de uso da residencia de creación literaria da Illa de San Simón, que se recollen no Regulamento de uso da Residencia que tamén lle serán entregadas a cada unha das persoas residentes.

- c. As persoas residentes, poderán coincidir e deberán convivir con outras actividades da Illa de San Simón, polo que deberán respectar en todo momento os espazos e o seu uso por parte das persoas ou entidades autorizadas.

- d. Participar nas actividades que se organicen dende a Dirección Xeral de Cultura para dar difusión ao programa de residencias.

- e. Facilitar á Dirección Xeral de Cultura o material necesario para a difusión do proxecto. As persoas residentes seleccionadas darán o consentimento para que se fagan fotos, vídeos ou calquera outro formato unicamente para a difusión da residencia.

- f. Nomear á Dirección Xeral de Cultura en todas as comunicacións que fagan da residencia ou da obra resultante. Ao remate da residencia deberán presentar unha memoria explicativa do traballo realizado e que recolla as conclusións da súa estadía.

- g. No caso de que a obra resultante do proxecto de residencia se publique, na páxina de créditos deberá constar o seguinte texto: «Este proxecto contou co apoio da Xunta de Galicia a través da residencia de creación literaria da Illa de San Simón». Tamén se fará constar o logo oficial da Xunta de Galicia.

21. A participación na Residencia de creación literaria da Illa de San Simón supón a aceptación total destas bases.

A Dirección Xeral de Cultura resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

RESIDENCIA DE CREACIÓN LITERARIA ILLA DE SAN SIMÓN 2026

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos

DNI/Pasaporte

Enderezo electrónico

Telf.

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A SOLICITUDE

☐

Boletín de inscrición (presente)

☐

Currículo curesumido

☐

Carta de motivación

☐

Proxecto de creación a desenvolver

☐

Obxectivo que agarda acadar

☐

Compromiso de edición

DATA DE PARTICIPACIÓN

15 de xuño – 28 de xuño

☐

15 de xuño – 21 de xuño

☐

22 de xuño – 28 de xuño

28 de setembro - 11 de outubro

☐

28 de setembro – 4 de outubro

☐

5 de outubro – 11 de outubro

13 de outubro – 25 de outubro

☐

13 de outubro – 19 de outubro

☐

19 de outubro – 25 de outubro

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

En

de

de 20

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Dirección Xeral de Cultura	Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada no exercicio de poderes derivados dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como responsable (RXPd e Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais garantía dos dereitos dixitais). En concreto, o cumprimento de deberes legais impostos ao devandito responsable do tratamento. Os datos obtidos no presente formulario non se transmitirán a terceiros, e o seguimento e xestión da recepción de candidaturas á actividade Residencia de creación literaria Illa de San Simón e as xestións relativas á participación na mesma.	Contacto delegado de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)
Persoas destinatarias dos datos	Persoal da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro.	Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

RESIDENCIA DE CREACIÓN LITERARIA ILLA DE SAN SIMÓN



QUENDAS:

15 XUÑO – 28 XUÑO

28 SETEMBRO – 11 OUTUBRO

13 OUTUBRO – 25 OUTUBRO

INSCRICIÓNS:

2 DE MARZO – 31 DE MARZO

www.cultura.gal

Correo: subdireccion.bibliotecas@xunta.gal

Tlf.: 881999778